

## A CIG-Ensino reitera a exigencia da negociación de todas as prazas de ingreso, tanto de concurso como de oposición

### En comparecencia antes dos medios de comunicación para valorar as declaracións do conselleiro, o secretario nacional da CIG-Ensino reclamou transparencia e axilidade para negociar todas as prazas

#### “Non se pode negociar a cegas e por partes”.

Con esta expresión pode resumirse a resposta que o sindicato maioritario no ensino público galego lanza despois de coñecer a decisión de Educación de convocar oposicións neste ano 2022 para cubrir as prazas de reposición destes dous últimos anos.

A CIG-Ensino mostrouse especialmente crítica co Ministerio de Educación en toda a tramitación da modificación da norma que rexe o ingreso á docencia no ensino público ao considerar que non se tivo en conta as achegas do sindicato e que claramente melloraban a proposta inicial que, pola información que temos, tampouco contenta ás CC.AA. que van ter que aplicar os efectos dos cambios no RD. “O mundo ao revés é que un Ministerio que só xestiona o profesorado de Ceuta e

Melilla impoña unilateralmente un cambio tan importante nun sector no que as competencias están transferidas. Isto non fai máis que reafirmar a nosa convicción de que a mellor norma estatal é a que non existe”, declarou o secretario nacional. As críticas estendéronse a organizacións sindicais como CCOO, UGT e CSIF que cos seus pactos e entregas provocan que o profesorado galego e o conxunto de persoas aspirantes a selo sufran as consecuencias de se teren entregado ao goberno español sen pensar nas consecuencias.

#### Todas as prazas, a negociación

Tendo en conta a situación creada pola actuación do Ministerio e tras as declaracións do conselleiro, o sindicato considera como unha condición sine qua non poñer enriba da mesa todas as cifras que darán lugar aos diferentes procesos selectivos.



Non se  
pode negociar a  
cegas e por  
partes

Neste sentido, a CIG-Ensino ten moi claro que a mellor opción para dar resposta tanto ao persoal interino con longas interinidades como aquel con escasa antigüidade, así como a quen nunca traballou, é que as ofertas de procesos selectivos sexan diferenciadas e en ambos casos con ofertas amplas con estas condicións:

**Prazas de reposición (xubilacións etc):** sistema ordinario de oposición regulado no RD 276/2007. A CIG-Ensino foi o único sindicato que propuxo cambios neste sistema, ao considerar que se debían introducir melloras xa para estas convocatorias, mais o Ministerio non atendeu as nosas demandas. A oferta anunciada debe contar con estas prazas.

**Prazas de estabilización (concurso de méritos excepcional).** Unha vez que está pechada pola Lei 20/2021 toda opción de cambio sobre o sistema de concurso, que a CIG-Ensino non considera como mellor opción, o obxectivo debe ser garantir o maior número posíbel de prazas. Malia o compromiso expresado pola dirección xeral de centros e RR.HH. de que a cifra de prazas non se vai ver afectada polas oposicións ordinarias, o dato avanzado polo conselleiro de que sería entre 500 e 600 prazas, indica -segundo un estudo realizado pola CIG-Ensino da evolución das prazas provisionais desde 2015- que a Consellaría optaría por un criterio restritivo co que estamos en desacordo: computar as prazas ocupadas por persoal interino que se mantiveron como temporais desde antes de xaneiro de 2016. Tendo en conta o sistema de adxudicación de destinos provisionais e o efectos dos concursos de traslados, esta cifra é produto dunha enorme arbitrariedade (unha praza temporal pode estar

ocupada un curso por unha interina e o ano seguinte por un funcionario de carreira en expectativa). De aí que a CIG-Ensino defenda un criterio diferente que, polo informe interno do sindicato, duplicaría as prazas a ofertar por concurso.

**Prazas de estabilización (concurso oposición extraordinario).** Este aparece regulado no borrador do RD e é o que, ao unirse coas prazas de reposición, provoca todo tipo de incertezas de carácter legal, algo que a CIG-Ensino xa trasladou ao Ministerio e que agora a Consellaría tamén asume. Os datos dos que dispón o sindicato indican que estas prazas serían moitas menos que as do concurso de méritos e para o sindicato deberían terse sumado a ese outro sistema excepcional do concurso, simplificando dúas vías de acceso e sen mesturar prazas de diferentes natureza (sempre pola limitacións da Lei 20/2021).

O sindicato non dará o seu apoio a ningunha proposta de reparto por especialidades na Mesa Sectorial que previamente non teña en conta unha negociación conxunta e global das prazas dos diferentes procesos (concurso, oposición).

A CIG-Ensino demandará un estudo pormenorizado do persoal interino en activo por especialidades e con información dos anos de antigüidade ao tempo que solicitará que a oferta de prazas para as oposicións a convocar este mesmo mes teñan en conta o resto das prazas a concurso e a situación daquelas especialidades nas que unha oferta desequilibrada pode levar ao paro a docentes interinos de longa temporalidade.

## OS NÓSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal